

## RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- **Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Organización e Control de Obras de Construción.**

Non imos facer de novo a mesma intervención que en todos os borradores de decreto de currículos de FP; pasaremos por escrito as alegacións que vimos presentando a todos os novos títulos e que non se teñen en conta nunca, diferenciando as do Grao medio e os superiores.

Non obstante queremos incidir en que para CCOO é imprescindible a redución das rateos en todos os grupos así como os desdobres de módulos formativos que así o precisen por falta de recursos, atención ao alumnado, módulo de Proxecto nos ciclos Superiores, duración e petición da desligación do desenvolvemento do mesmo coincidindo co módulo de FCT.

Consideramos fundamental a introdución de obxectivos relacionados coa igualdade e prevención da violencia de xénero, así como o desenvolvemento dos aspectos reflectidos no capítulo V da lei 2/2014 de visibilidade e non discriminación do colectivo LGBTI.